



IES DE CURTIS

Rúa Xermán de Castro, s/n 15310 Curtis (A CORUÑA)

☎ 881880620 ☎ 881880629

✉ ies.curtis@edu.xunta.es

🌐 <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescurtis/>

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS MATERIAL ESCOLAR CURSO 2022/23. Procedemento ED330B.

(ORDE do 29 de abril de 2022 – DOG 18 de maio de 2022)

REQUISITOS:

- Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en calquera curso da ESO, EP e EE
- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 euros no caso do fondo solidario e 6.000 euros para axuda material escolar. *(No caso do Fondo solidario repartiranse libros aínda que superen a renda per cápita de 10.000 euros se quedaran existencias)*
- Ter devolto os libros de texto adquiridos coa axuda ou do fondo do curso 2021/22. **O prazo de devolución remata o 22/06/2022.**
- Os beneficiarios comprométese a devolver os libros do curso 2022/23.

ASIGNACIÓN DE LIBROS E IMPORTE DAS AXUDAS:

- Axuda adquisición de material escolar (Art. 2.3 da Orde do 29 de abril de 2022) :
 - Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €: Vale para material escolar 50 €.
- Fondo solidario (Art. 2.1 da Orde do 29 de abril de 2022)
 - Reparto de libros en orde inversa á renda per cápita. Corresponderán como mínimo:
 - Renda per cápita familiar ata 6.000,00 € 6 libros
 - Renda per cápita familiar entre 6.000 e 10.000,00 €... 4 libros

*No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios membros que reúnan os requisitos para ser causantes destas axudas, percibirase a contía que corresponda por cada un. Presentárase **UNHA ÚNICA INSTANCIA** para todos os fillos/as matriculados/as no mesmo centro independentemente do tipo de axuda solicitada.*

DOCUMENTACIÓN:

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou na web do IES <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescurtis/>

A solicitude será única para todos os fillos matriculados nun mesmo centro docente e para calquera das axudas solicitadas (fondo libros e material). **O PRAZO REMATA O 22 DE XUÑO DE 2022.** Os que repitan 4º de ESO e os que non obtiveran praza en FP Básica cando non tivesen presentado solicitude no prazo indicado poderán presentala no prazo dun mes logo de formalizar a matrícula. (Artigo 10 da Orde do 29 de abril de 2022)

2. Xunto coa solicitude presentarase orixinal e copia da seguinte documentación a fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais. (Artigo 11 da Orde do 29 de abril de 2022)

a) Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, o día 31 de decembro de 2020, non coincide coa reflectida no libro terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, se non



se autoriza a consulta de datos, deberá acompañarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2020:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) Declaración IRPF 2020 e DNI só no caso de non autorizar a consulta telemática.

d) No caso de situación de violencia de xénero na contorna familiar: documentación acreditativa.

3. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

4. O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada

CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR:

Sempre con datos a 31 de decembro de 2020, entenderase que conforman a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente e, se for o caso, o titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA: (Art. 3 da Orde do 29 de abril de 2022)

Sumaranse as cantidades dos cadros 435 e 460 da declaración da Renda do exercicio fiscal 2020 (presentada en 2021) e o resultado dividirase entre o número de membros da unidade familiar. Computarán por dous os membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

PRAZOS:

- Solicitude de axudas:Ata o 22 de xuño de 2022
- Devolución de libros curso 21/22:Ata o 22 de xuño de 2022
- Publicación de listaxes provisionais: 11 de xullo de 2022
- Reclamacións ás listaxes provisionais..... 13 de xullo de 2022
- Publicación listaxes definitivas.....22 de xullo de 2022
- Entrega de vales axuda material escolar.....14/07 ao 29/07/2022 e inicio de curso
- Entrega de libros.....Inicio de curso

AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR:

No caso de ter dereito a recibir o vale de material escolar, estes deberán ser recollidos pola persoa solicitante ou persoa autorizada pola mesma. Na autorización deberá figurar NIF e nome completo da persoa solicitante e da persoa autorizada así como as sinaturas. Na páxina web do IES existe un modelo de autorización.

NOTA:

A presente información foi elaborada a partir da da Orde do 29 de abril de 2022 – (DOG 18 de maio de 2022). En caso de discrepancia só terá validez a citada Orde.